

BABILONIA DE PAPEL

XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR ARTICULA UN VIZOSO MUNDO FICCIONAL, ORIXINAL E CATIVADOR, EXPOSTO NUNHA PROSA TRANSGRESORA

O verán é tempo propicio para relecturas e para rescatar algúns títulos que, aparecidos hai só algúns meses, xa semellan ser propostas arrombadas polo paso do tempo, cando non debería ser así. Este último foi o meu caso con esta proposta de Xosé Vázquez Pintor que, baixo o título de *Máis vidas*, supón unha achega do máis salientable na narrativa galega dos últimos tempos. Non deixa de sorprenden este poeta, dramaturgo, ensaísta e, abofé, narrador de primeira liña, pois ás súas últimas novelas —*A memoria do boi* (2001) e *Mar de bronce* (2003)—, xustamente laureadas, engade arestora unha proposta de difícil clasificación xenérica que revela o esforzo autorial por presentar algo novo e convincente.

Máis vidas asómase, a través de máis de sesenta fragmentos narrativos de diversa densidade, a un mundo que fusiona elementos de filiación moi heteroxénea. Presentados polo propio autor como unhas «crónicas de dentro», postas en papel para «rebrincar con elas coma os xolgaretes e as trasnadas dos pícaros literarios», neles agroma unha vontade que vai alén do lúdico para rescatar e pór en valor o que se podería denominar o «orgullo das estirpes». Estirpes que van tamén máis alá de exercicios ficcionais nos que se recrea o *tempus fugit* persoal do autor e que deixan paso a unha eclosión, no medio dun aparente caos como é o devalar da propia natureza, con millenta de seres vivos a constituír un

panorama singular e pouco ou escasamente tratado na nosa tradición, sobranceando aquí polos dotes de observación que exhibe e máis pola plasticidade descritiva que conteñen realmente fóra do común. Cunha perspectiva confesional ou descritiva, sempre atemporal e diacrónica, o lector asiste a unha *babilonia de papel*, a unha *ecografía* da vida pragada de microhistorias protagonizadas por xentes de diversa condición, máis tamén, nunha concepción globalizadora e loxicamente naturalista, de insectos, aves, peixes, mamíferos, réptiles, plantas... e un longo etcétera que posibilita unha narración insospeitada a medio camiño entre as crónicas persoais e un *animalario* de fondo identitario, polo que circulan historias, biografías, sentires e falares saltaricando de atrás para adiante, de adiante para atrás e que van desde os tempos da identidade sueva ou romana ata proxectarse mesmo nun tempo que está por vir.

Vázquez Pintor agasállanos con prosas de arrecendo epopeico por veces, nas que por medio dun impresionante, gorentoso e vivísimo rexistro expresivo un atopa humor, ironía, sentimento e crítica, sobre todo esta última nunha sorte de *fiindas* medievais á conclusión de cada fragmento, nas que por veces é doado ver as liñas de conexión co relato que resolven, e outras non..., mais que actualizan o relatado e onde radica tamén o nivel de esixencia da proposta, que esixe atención para reordenar,



MARCOS MÍGUEZ

Vázquez Pintor presenta varias historias con xente moi variada

descifrar e dotar de sentido a un imaxinario particular e colectivo que se convida a partillar: seres e espazos dominados e dominantes que aos poucos van constituíndo un cosmos global que teima pola permanencia.

Sen dúbida velaquí unha proposta inusual, de fondo humanístico e diría que cargada de futuro, onde se entremesturan, con fulgor, os ecos da oralidade popular coa construción dunha prosa contemporánea que se proxecta con solidez neste século XXI. Un libro, como sinala o seu autor, alicerzado nas «palabras das estirpes, descosidas, rotas polo vento baldreu que as leva no xardín dos sonhos». Para o noso góce.

Ramón Nicolás

Máis vidas
XOSÉ VÁZQUEZ PINTOR



NARRATIVA

«Máis vidas»

Xosé Vázquez Pintor. Espiral Maior.
184 páxinas. 14 euros. ***